



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "MANTEMENTO E MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN CASTRILLÓN E VEIGAS DO COUSO" (PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2022-2023 AGADER) Expte 795/2022.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto a Memoria de Alcaldía asinada o día 16 de setembro de 2022, xustificativa da contratación.

Vistos os Presupostos presentados no concello, por:

- Ingeniería, Geotecnia y Calidad S.L., que tivo entrada no concello o 01/09/22 co nº RE-556 por importe estimado de 1.084€ máis o 21% de IVE por importe de 227,64€, facendo un total de 1.311,64€.

- Investigación y Control Lugo S.L., que tivo entrada no concello o 12/09/22 co nº RE-594 por importe estimado de 1.014€ máis o 21% de IVE por importe de 212,94€, facendo un total de 1.226,94€.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Alberto Flores Aguiar, de data 14 de setembro de 2022, que tivo entrada no concello o 14/09/22 co nº RE-601, expoñendo que: *"las ofertas presentadas por las empresas Ingeniería, Geotecnia y Calidad S.L., e Investigación y Control Lugo S.L. cumplen con las exigencias mínimas indicadas en el informe de control de calidad de la obra y resultan válidas para realizar dicho control de calidad, desde el punto de vista técnico."*

Visto o informe de existencia de crédito asinado dixitalmente pola alcaldía e pola intervención en data 16 de setembro de 2022 no que consta na bolsa de vinculación 4.6 crédito por importe total de 1.226,94€.

Visto o Decreto de Alcaldía Nº 432/2022, de 29 de xullo, da adxudicación da obra enmarcada dentro do plan de mellora de camiños municipais 2021-2022, titulada Mantemento e mellora de vías municipais de acceso a parcelas agrícolas en Castrillón e Veigas Do Couso.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019, publicado no B.O.P, de Lugo nº 165, de 19 de xullo de 2019.

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.



Segundo- Aprobar a contratación do servizo de control de calidade da obra Mantemento e mellora de vías municipais de acceso a parcelas agrícolas en Castrillón e Veigas Do Couso e aprobar o gasto con cargo á bolsa de vinculación 4.6 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Adxudicar á empresa Investigación y Control Lugo S.L. con CIF B-27027143, o contrato menor de realización do servizo de control de calidade da obra Mantemento e mellora de vías municipais de acceso a parcelas agrícolas en Castrillón e Veigas Do Couso, durante o período de execución da obra citada, polo importe de 1.014 euros, máis o IVE correspondente, (21%) de 212,94€, facendo un total de 1.226,94€, dacordo co presuposto presentado no concello e nos termos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require aquél e coa habilitación esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato.

Cuarto.- Notificarlle esta resolución á citada empresa.

Quinto.- Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou firma de calquera documento necesarios, para o desenrolo e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

